

# I CONCURSO INFANTIL DE POSTAIS NADAL

## BASES:

- 1- Poderán participar tódolos nenos/as e rapaces/as laurentinos ata 14 anos (incluídos) que o desexen.
- 2- A temática das postais fará alusión a motivos navideños, aínda que se valorará a creatividade e inclusión de elementos propios de Lourenzá (arquitectónicos, culturais, lúdicos...) .
- 3- Os traballos presentaranse en cartolina tamaño A5 (medio folio), e pola parte de atrás recolleranse estes datos: nome e apelidos do autor/a, idade, e un número de teléfono de contacto.
- 4- A técnica para a realización do traballo é libre: debuxo a lápiz, rotuladores, pinturas de cores, ceras, acuarela, témpera, collage... (aínda que é convinte que non leve elementos que sobresaian moito en volume, para que a súa reprodución en formato dixital sexa máis factible.
- 5- O premio consistirá nun vale de compra de **50 €** para gastar nos comercios asociados da ACIAL de Lourenzá. Por outra banda, a postal gañadora, será a que, en formato dixital, se empregue como felicitación das vindeiras festas de Nadal por parte do Concello de Lourenzá.
- 6- Se a calidade dos traballos presentados non reunira uns mínimos de calidade, o xurado resérvase a opción de deixar deserto o gañador.
- 7- O prazo límite de presentación dos traballos será o vindeiro mércores, 10 de decembro, na Biblioteca Municipal.
- 8- O xurado estará composto por dous membros da área de Educación do Concello de Lourenzá, dous representantes da directiva de ACIAL e un representante do C.E.I.P. "Juan Rey".
- 9- O fallo do xurado darase a coñecer o venres, 12 de decembro, a través dunha nota de prensa enviada a tódolos medios de comunicación da nosa comarca (prensa escrita, radio...), así como a través dos perfís que o Concello de Lourenzá ten nas redes sociais (Facebook, twitter).
- 10- A entrega do premio terá lugar nun acto durante a celebración do Mercado de Nadal (a data e hora concretos serán anunciados o día que se faga público o veredicto do xurado).
- 11- Tódolos traballos presentados pasarán a ser propiedade do Concello de Lourenzá, que se reserva o dereito de facer uso dos mesmos, citando, en todo caso, a autoría do mencionado traballo.

## ORGANIZAN:



**CONCELLO DE  
LOURENZÁ**

